



Nome:

Instrumento:

Responder as seguintes preguntas sobre a análise da obra proposta.

As respostas deben recollerse a tinta na táboa da última páxina indicando cun X a letra correspondente á opción escollida, sen riscos nin marcas de ningún tipo nos outros cadros.

As respostas correctas sumarán 0,5 puntos, as incorrectas restarán 0,1 puntos e as preguntas en branco nin puntuarán nin restarán. A tal efecto indicárase no cadro correspondente o número total de preguntas respondidas e asinarase o documento.

1. Cal é o antecedente formal máis próximo da obra?

- a) *Sonata da chiesa* barroca.
- b) *Aria da capo* barroca.
- c) Sonata preclásica.

2. Trátase dunha estrutura bitemática?

- a) Si, e na exposición o segundo tema atópase na tonalidade da dominante.
- b) Si, e na exposición o segundo tema atópase na tonalidade do relativo maior.
- c) Non, trátase dunha estrutura monotemática.

3. Cal é a organización estrutural desde o compás 9 ao 19?

- a) 1 + 4 (2+2) + 4 (2+2) + 2
- b) 5 (3+2) + 6 (2+2+2)
- c) 5 + 2 + 2 + 2

4. Os oito primeiros compases da obra poden describirse do seguinte modo:

- a) Constitúen unha estrutura formal de pregunta (4) - resposta (4); antecedente/consecuente.
- b) Constitúen unha frase de oito compases cunha primeira semifrase en do menor e unha segunda semifrase en Sol Maior.
- c) Forman dúas frases de 2+2 compases rematadas no compás oito cunha cadencia auténtica perfecta.

5. A forma da obra é típica:

- a) Do primeiro movemento da sonata clásica.
- b) Do terceiro movemento da sonata preclásica.
- c) Do derradeiro movemento da *sonata da chiesa*.

6. En que tonalidade se presenta o primeiro tema?

- a) Lab M.
- b) Do m.
- c) Mib m.

7. En que compás aparece un cuarta e sexta cadencial?

- a) Compás 18.
- b) Compás 70.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

8. O compás 37 atópase en:

- a) Fa maior.
- b) Fa menor.
- c) Mib maior.

9. A segunda sección comeza na tonalidade de:

- a) Do M.
- b) La m.
- c) Reb M.

10. O acorde do terceiro pulso do compás 44 é:

- a) Unha sexta napolitana.
- b) Unha sexta aumentada italiana.
- c) Unha sétima diminuída.

11. Entre os compases 31 e 33 hai unha:

- a) Sonoridade de sexta aumentada.
- b) Sonoridade napolitana.
- c) Sonoridade de sétima diminuída.

12. O acorde do terceiro pulso do compás 145 é:

- a) Unha dominante secundaria.
- b) Un acorde de sétima diminuída.
- c) As dúas respostas anteriores son correctas.

13. A sensación que produce o acorde no tempo forte do compás 14 é:

- a) A dun retardo.
- b) A dunha apoiatura.
- c) As dúas respostas anteriores son incorrectas.

14. A nota estraña que aparece no comezo dos compases 60 e 61 na melodía é:

- a) Unha apoiatura.
- b) Un floreo ou bordadura.
- c) Unha nota de anticipación.

15. A textura a partir do compás 23 é:

- a) Polifónica.
- b) Imitativa.
- c) Melodía acompañada.

16. En canto a dinámica da obra, pódese dicir que:

- a) Esta chea de indicacións agónicas e rubatos.
- b) Empréganse dinámicas contrastantes.
- c) Sempre é uniforme.

17. Entre os compases 9 e 14:

- a) Hai varias síncopas.
- b) Hai varias hemiolias.
- c) Hai varias síncopas e hemiolias.

18. A melodía:

- a) Ten sempre un carácter cantabile.
- b) Entre os compases 1 e 8 ten unha escritura de carácter instrumental, mentres que entre os compases 36 e 43 é máis cantabile.
- c) Tanto entre os compases 1 e 8 como entre o 36 e 43 é de carácter instrumental porque non interveñen voces.

19. A textura entre os compases 83 e 86 é:

- a) Monódica.
- b) Imitativa.
- c) Melodía acompañada.

20. Con que corrente estilística relacionarías esta obra?

- a) Co Barroco, pola presenza do baixo continuo.
- b) Co Clasicismo, pola abundancia de cromatismos.
- c) Co Clasicismo, pola forma empregada.

TÁBOA DE RESPOSTAS

1	A	B	C
2	A	B	C
3	A	B	C
4	A	B	C
5	A	B	C

6	A	B	C
7	A	B	C
8	A	B	C
9	A	B	C
10	A	B	C

11	A	B	C
12	A	B	C
13	A	B	C
14	A	B	C
15	A	B	C

16	A	B	C
17	A	B	C
18	A	B	C
19	A	B	C
20	A	B	C

Número de preguntas respondidas

Sinatura